

Maria Bianchi entrevista a Xoán Curiel

No teu percorrido poético, ti tratas poemas de mulleres importantes da literatura tanto italiana como Alda Merini, como galega como Rosalía de Castro. Como é interpretar a estas mulleres da literatura italiana e galega tan importantes?

O meu primeiro concerto en Como foi no **Festival Internacional Alda Merini** e sucedeu deste xeito que comento, enviáronme dúas poesías desta autora á que non coñecía e inmediatamente chegoume a música dunha delas á cabeza, un poema chamado **Padre mío** que gustou moito en Italia e que ao mesmo tempo tocouse moito e diría que resultou unha canción case autobiográfica.

A nivel de autores galegos, sí dende logo que hai moitas mulleres. O primeiro poema ao que eu puxen música foi de **Rosalía de Castro**, unha canción a partir dun poema dela de Follas Novas que comeza: “Xa nin rencor nin desprezo...”, que é un tanto afogante e fala da ausencia de aire. Eu bebín dos clásicos mais tamén apareceron no meu camiño a obras de poetas contemporáneos como Antía Otero, Rosalía Fernández Rial... e tamén outros autores como Xabier Queipo que me regalaron poemas feitos exclusivamente para que eu os musicara.

Fae pouco participei creando a música para un documental chamado **Vértice de versos**, dirixido por **Carlos Lorenzo Pérez**. Neste documental puxen música tamén e foi a banda sonora do mesmo un poema de **Modesto Fraga** que se chama **Coa razón dos sentidos**. Este documental é unha visión panorámica a toda a riqueza actual da poesía galega, que é unha mina de creatividade e que non para..

Como ten influenciado o feito de vivir en Santiago à tua produccìon musical e artística?

Para respostar a esta pregunta comezarei falando da cidade a onde eu pertenzo agora mesmo e dende hai 20 anos que é Santiago de Compostela. Santiago é unha cidade aberta, cosmopolita e tamén moi europea (aínda que estamos perto do fin da terra, de Finisterre). Santiago é un centro da cultura moi importante, onde existe unha expresión moi viva para tódalas artes. Ademais, por aquí pasan centos de miles de peregrinos tódolos anos e tamén temos o mais importante campus universitario con fornadas novas de estudantes cada tempada. En conclusión: para min Santiago é unha cidade sempre viva, onde entra nova savia tódolos anos e, aínda que feita de pedra e ten unha pesada historia detrás, dalgún xeito está sempre a rexenerarse e a renovarse.

Cando nace a túa vontade de saír fóra das fronteiras galegas coa túa música?

Eu sempre fun unha persoa curiosa coas outras persoas, coas culturas alleas e por iso, penso que vivir en Santiago e ver constantemente chegar a persoas doutros lugares do mundo e ver todas estas caras novas, sempre me levou a querer viaxar eu tamén para amosar a miña arte.

No meu camiño como compositor e cantante, teño viaxado a Arxentina, Brasil, os EEUU, tamén por Europa e teño coñecido diferentes culturas e pobos como o italiano nestes últimos tempos (sobre todo na zona norte, na rexión de Lombardía). Cada pobo e cultura son diferentes e non percibes cómo te relacionas dun xeito artístico ata que non afrontas ao público..

Cales son as túas sensacións tocando en Italia e tamén á hora de exportar a cultura galega a Italia?

A sorpresa para min en canto ao público italiano foi o gusto pola palabra, pola poesía, pola estética artística. Tamén foi unha grata sorpresa a apertura que percibín neste público e a capacidade de escoita nun contexto minimalista cunha guitarra e unha voz (mesmo non coñecendo a lingua na que se canta).

Deste descubrimento chegou a idea dun dos proxectos mais fermosos onde estou agora traballando. Naceu a idea de achegar a poesía galega ao público italiano, de traballar con poemas de autores galegos aos que eu xa puxera música ao longo da miña traxectoria. Este proxecto chámase **Palabras en música**, e o estamos movendo en Italia xunto co actor italiano Dario Dossena, e no mesmo facemos un percorrido poético galego para o público italiano.

É un proxecto que está a gustar moito e penso que o éxito do mesmo, ten que ver co que comento do pracer e o gusto do público italiano pola estética da palabra e tamén pola súa curiosidade.

Tes atopo diferencias entre a cultura italiana e a galega?

Para min a cultura italiana e a galega son moi complementarias e despertan unha curiosidade mutua que ven precisamente da diferenza. Penso seguir cantando en galego na Italia en mais ocasións porque me produce un enorme pracer.

Como atopas estas poesías e cales son os autores que mais te teñen impactado e que ti vas tratando no teu percorrido poético?

En moitas ocasións se trata de poesías que teñen caído nas miñas mans dun xeito un tanto casual e eu diría que tamén máxico por atoparme precisamente con poemas que finalmente teñen contidos que me tocan profundamente.

Tenme pasado, en determinados festivais de poesía nos que me chamaron para tocar, que me envían certos poemas moi interesantes para poñerlles música e que a partir dun deles nace unha canción completamente inesperada e moi rica para min. Como se as verbas doutra persoa me levasen a camiños cos que non contaba e a un resultado que me sorprende pola súa coherencia e beleza. En calqueira caso, eu tento dotar dun contido musical axeitado ao contido do poema (ou cando menos esa é a miña idea previa á hora de abordalo).

Falando destes dous proxectos, ¿cales son as conexión que ti atopas entre a cultura galega e a italiana? ¿E cales son as sensacións ao exportar a cultura galega a Italia?

Antes de todo quero falar do lugar onde vivo que é a cidade de Santiago de Compostela. É un lugar moi especial onde chega xente de todo o mundo: peregrinos, estudi antes, turistas... Entón ese fluxo de culturas e de vivencias que pisa as pedras das rúas compostelanas, permite un intercambio de ideas e de sensacións que, baixo o meu punto de vista, é moi particular e case único en Europa. O feito de coñecer a persoas de diferentes países e, no meu caso, músicos e artistas procedentes de diferentes nacións, creou en min a necesidade de poder viaxar ao extranxeiro para comunicar e levar a música e a cultura galega a todo o mundo. Así as miñas viaxes por América Latina e outros países de Europa, resultaron para min unha experiencia profundamente formativa.

Mais concretamente Italia sorprendeume polo gusto de recibir a miña música e o idioma galego. Cantando en Italia pódese percibir o influxo da grande cultura lírica italiana e o gusto pola poesía e a palabra. Pódese dicir que o público italiano ten unha forma de escoita estética e ten a capacidade de apreciar a mestura da palabra coa rítmica, a música e a melodía.

¿Cómo se desenrola e cales son os puntos fundamentais do documental “Vértice de versos”?

Este documental é unha paisaxe pola poesía actual dende fae tres décadas ata hoxe en día. Eu ocupeime da música no mesmo e ademais propuxen cancións miñas, como por exemplo a canción “Novas”, que pertence ao meu disco “Ecuacións” e que o produtor do documental (Carlos Lorenzo) ten considerado oportuna para estar no interior deste percorrido pola poesía galega.

“Novas” é unha canción estruturada soamente con voces e pódese considerar minimalista. Carlos considerou que sería perfecta para celebrar as diferentes “voces” de poetas incluídos neste documental. A canción que pecha o documental é outra canción con música miña e feita a partir do poema de Modesto Fraga que é un dos poetas que aparecen no documental e que se chama “A razón dos sentidos”. No documental ademais aparecen tamén videoocreacións doutros artistas que queren celebrar a produción poética galega.

A cultura galega está vivindo un momento importante de novas propostas a nivel cultural. ¿Cómo se posiciona ese documental no panorama cultural galego, sobre todo relacionado coa difusión da cultura entre os mais novos?

De feito, unha das tarefas do documental “Vértice de versos” é favorecer a información sobre a poesía e a produción literaria en lingua galega entre os mais novos. No documental os tres condutores son tres adolescentes que aparecen lendo poemas e que fan de nexo entre as diferentes partes do documental mesmo. A presenza destes mozos é concretamente unha proposta de difusión para institutos e estudantes que non teñen moitas oportunidades ou motivación para achegarse á poesía galega, así que desta forma poderían interesarse en ter unha visión mais ampla sobre a cultura da terra onde viven.

Carlos Lorenzo tiña esta idea de producir algo que fose un documental cultural e histórico para difundir a cultura galega entre os mais novos e desa maneira, darlle unha nova vida.